

Diálogo imposible

Luz Pozo Garza

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

POZO GARZA, LUZ (2012 [1987]). “Diálogo imposible”. *Nordés*: 13 (II Data), 29-31. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1892>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

POZO GARZA, LUZ (1987). “Diálogo imposible”. *Nordés*: 13 (II Data), 29-31.

* Edición dispoñíbel desde o 29 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

DIÁLOGO IMPOSIBLE

LUZ POZO GARZA

*Decorre o veo da miña vida,
e olla a túa lus chegando
ao fondo das miñas augas.*

TOMÁS BARROS

Tomás Barros descorreu o veo do misterio cando o espellismo da existencia apagou os derradeiros destellos. As preguntas xa teñen resposta ó pescudar obsesivo, ó desacougo existencial, ós problemas do arte e do home. Cesaron xa os cuestionamentos que esixe a mismidade do ser na necesidade interior que leva á percura da identidade e que inevitablemente conduce á búsqueda da verdade luminosa configuradora da unidade universal. A que se nos manifesta nas formas infinitas do mundo fenoménico.

Tomás Barros, trasposta a noite, vería caer sen ruído o muradoiro que pechaba o camiño. Xa na orella da luz, ¿esquencería o tempo de vivir a vida?

—*Non esquencín. Vivín no tempo cando as sombras medraban casi*
[ceibes.

Vin construír unha nave escura noutra orella.

Confeso que vivín un intre coma un sono debruzado.

Morei na miña terra.

Recibía a mensaxe das cousas.

As cores da esperanza. O azul do ceo.

O vento que viña do mare coma un acordeón.

Porque esta foi a miña terra.

«¡Ouh, lus, prantada coma un gran arbre...»

«Xardín onde o pobo se refrexa...»

«Rosalía no meio do pobo...»

Non esquencín. O tempo non existe.

Tomás Barros sentía o amor e a soedade como revelación e como desacougo en forma alternante. O amor sería unha brisa indefinida que transforma o mundo. O poeta imaxina un topos feliz, unha utopía onde o amor esixe un paradiso. O vento do amor ten a potestade de levar ós amantes polos ceos abertos nun remuíño gozoso. Ela pode ser unha ráfaga segreda comparable ó misterio dos bosques e dos ríos. Veñen á nosa mente os amantes de Chagall, a súa fabulación ensoñadora dun realismo máxico, próximo ó surrealismo, mais sen afondar nas augas do subconsciente, sen extraer delas nen fonda anguria nen sadismo:

*«Rubir xuntos no vento
no meio da tempestade,
cegos pola lus do raio,
nun longo cinguir dos corpos».*

Pero o poeta, aínda na ledicia dese ceo venturoso, non logrará desprenderse dun anaco de terra escura onde se achanta teimosa a raiceira da dor.

As vegadas, o amor tamén pode conducir inevitablemente ó laberinto que comenza nos ollos e nos labres da amada. O amante fica extraviado no fondo sen fin dun espacio clausurado. Nos fermosos poemas «*Ariadna en la penumbra*», a amada acada unha actitude ambigua, equívoca, pola que nunca se sabe se achegará o fío conductor ou conducirá ó amante á perdición a través das tebras: «*¡Luz, más luz, en los largos/corredores de mi tiempo!*».

Ó final prevalecen as vivencias negativas dentro dun tono machadiano.

*«Entre los dos el olvido
como un corredor siniestro».*

Mais, ¿qué foi, en esencia, o amor para o poeta Tomás Barros?

—*Foi a revelación de que existe por encima de todo un amor coma unha*
[*chuvia calma.*

Coma un remanso onde se detén o tempo e o azul comenza.

Soupen dunha muller.

Chameina polo seu nome bíblico: SARA.

As súas mans achegan a auga e máis o sono.

Ela estará sempre á miña beira. Fora do tempo.

Fálolle sen verbas pois o tempo non existe:

«A fala con que che falo dende sempre

«fíxo de tí o froito do silencio...

«Tí, a miña outra face onde me atopo

«cara a cara con Deus no confesionario da miña soedade...

A obra poética de Tomás Barros, tan certamente enxuciada pola crítica de M. González Garcés, pode servir como indicio para mostrar a súa problemática conflictiva e a forma de resolvela dun xeito estético, aínda que nunca esteticista. De cotío acharemos nela a impronta do desacougo existencial, o cuestionamento da propia existencia e do seu entorno, expresados por medio de recursos expresionistas.

O poeta pénsase, ás veces, proxecto fracasado na percura de certos obxectivos vitais, lexítimos —amor, esperanza, felicidade— e derrotado na loita por esclarecer as verdades últimas. A esa arelanza, que condiciona todo o seu arte, responde un fondo sentimento de frustración. Os obxectivos máis degoirados fican lonxe, en horizontes definitivamente alonxados. A verdade, esquiva, maniféstaselle en formas múltiples, plurívoca, proteica, nunca desvelada, agachada no misterio, mesmo un esbellismo.

Coma un cego, debátese nun estado de duda permanente: «*¿Un andar ás toas/na incertidume da noite?*». Extraviado nun mundo inzado de ameazas, compróbbase como paixón inútil. Asume o tema do infan-

te desprotegido, desbotado —«*Coma un neno indefenso e desvalido*»—
entre acenos hostís que se moven á procura dunha vítima:

*«As miñas ouseións
enxergan o viaxe de volta
da frecha de Paul Klee
ao traveso da fragueira R
dunha paisaxe súa...»*

Flechas e signos son coma sinais sinistras que cuadrículan o medo, determinadas por causas descoñecidas ou, en todo caso, *innombrables*. Esa zona escura, expresada esotéricamente mediante símbolos variables e complexas perífrasis, aflora nunha escritura ambigua e desacougante configurada como drama.

Mais se fallou como proxecto pode, en troques, ficar como testemuño de vida. O sentimento tráxico da existencia convírteo en vítima, en reo inocente, e, acadada unha postura extrema, móstrase, novo Cristo, pendurado dun madeiro nunha situación límite, cecáis a única posible para obter unha revelación:

*«ti sabes que calquer día terás a resposta
coma o son da mesta madeira nun limiar
cando é golpexada pola man dun desamparado».*

Tomás Barros ten a característica de enlazar mitos, unificar tendencias, mesmo as que semellan contradictorias, pois a verdade maniféstalle como unha e proteica; pódese tirar dun cabo e chegar ó miolo da cuestión que, de súpeto, pode mostrarse como resposta ó ser.

Sendo así, preguntámós, ¿é posible achegarse a Deus partindo dun mito, tal o Mito de Narciso?

- «*O narcisismo que hai na miña poesía
non é maior do que abonda en todo artista.
Pola contra, ás vegadas penso que é un pretexto
para develar baixo o xesto introspeitivo
aspectos das verdades antropolóxicas,
así no mito mesmo de Narciso ao que alude o poema*».
- «*Non é namoro do propio ser, o que me afasta dos «outros»
(inda que o yoga dí que todos estamos namorados do propio
[atman,
pois que é onde sealcontra a raís de tuda beleza e verdade),
sinon unha postura frente ao mundo de resistencia
para defrontar aos seus engados en nome de ¿Deus?».*
- «*Poidera ser, pois Deus e ise lugar de Referencia
ao que tudos volvemos os ollos
cando nos laiamos da inxusticia e do mal,
e o celme do senso da loita contra o mal*».